Artigo 3. Conceptos xerais

Un. Vivenda habitual

Para os efectos previstos neste texto refundido, os conceptos de vivenda habitual, adquisición de vivenda habitual e reinversión en vivenda habitual serán os contemplados na normativa reguladora do IRPF. Entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas.

Dous. Unidade familiar

O concepto de unidade familiar será o contemplado na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Tres. Acreditación do grao e a condición de persoa con discapacidade

O grao de minusvalía haberá de acreditarse mediante certificado ou resolución expedida polo órgano competente. En particular, considerarase acreditado un grao de minusvalía igual ou superior ao 33% no caso dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez e no caso dos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Igualmente, considerarase acreditado un grao de minusvalía igual ou superior ao 65 % cando se trate de persoas cuxa incapacidade sexa declarada xudicialmente, aínda que non alcance devandito grao, así como nos casos de dependencia severa e gran dependencia, sempre que estas últimas situacións fosen recoñecidas polo órgano competente, de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Catro. Acreditación da condición de familia numerosa

A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial en vigor establecido para o efecto no momento da presentación da declaración do imposto, conforme ao establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

A asimilación ao descendente de fillo ou filla concibido ou concibida e non nado ou nada prevista na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e convivencia de Galicia, acreditarase mediante o carné familiar galego ou certificado expedido para o efecto, e terá efectos unicamente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia

Cinco. Actividade agraria, explotación agraria, elementos da explotación, agricultor profesional, silvicultor activo e titular da explotación.

Para os efectos previstos neste texto refundido, os conceptos de «actividade agraria», «explotación agraria», «elementos da explotación», «agricultor profesional», «silvicultor activo» e «titular da explotación» serán os recollidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

Vixencia

Con efectos desde o 01/01/2021. Engadido pola disposición derradeira primeira.un da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Seis. Obras de rehabilitación

Para os efectos previstos neste texto refundido, para determinar o concepto de obras de rehabilitación, en todo aquilo que non veña expresamente regulado nel, será de aplicación o previsto na normativa reguladora do imposto sobre o valor engadido.

Vixencia

Con efectos desde o 01/01/2021. Engadido pola disposición derradeira primeira.un da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do Imposto sobre a renda das persoas físicas

A escala autonómica aplicable á base liquidable xeneral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

Base liquidable Ata euros	**Cota íntegra** Euros	**Resto base liquidable** Ata euros	**Tipo aplicable** Porcentaxe
0	0	12.985,35	9,0
12.985,35	1.168,68	8.083,25	11,65
21.068,60	2.110,38	14.131,40	14,9
35.200,00	4.215,96	24.800,00	18,4
60.000,00	8.779,16	En diante	22,5

Vixencia

Con efectos desde o 01/01/2022. Modificado polo artigo 1 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo 4 bis. Mínimo persoal e familiar

1. **Mínimo do contribuínte** regulado no artigo 57 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

   a) Con **carácter xeral**, 5.789 euros anuais

   b) Cando o **contribuínte teña unha idade superior a 65 anos**, o mínimo aumentarase en 1.199 euros anuais. Se a idade é superior a 75 anos, o mínimo aumentarase adicionalmente en 1.460 euros anuais.

2. **Mínimo por descendentes** regulado polo artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

   a) Nos supostos previstos no número 1 do artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

      1. 2.503 euros anuais polo primeiro descendente.
      2. 2.816 euros anuais polo segundo descendente.
      3. 4.172 euros anuais polo terceiro descendente.
      4. 4.694 euros anuais polo cuarto descendente e seguintes.

   b) Cando o descendente sexa menor de 3 anos, o mínimo a que se refire a letra a) anterior aumentarase en 2.920 euros anuais.

3. **Mínimo por ascendentes** regulado polo artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

   a) No suposto previsto no número 1 do artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, 1.199 euros anuais.

   b) Cando o ascendente sexa maior de 75 anos, o mínimo a que se refire a letra a) anterior aumentarase en 1.460 euros anuais.

4. **Mínimo por discapacidade** regulado no artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

   a) Nos supostos previstos no número 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

      1. 3.129 euros anuais cando o contribuínte sexa unha persoa con discapacidade e 9.387 euros anuais cando o contribuínte acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.
      2. No suposto previsto no parágrafo segundo do número 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado aumentaranse en 3.129 euros anuais.

   b) Nos supostos previstos no número 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

      1. 3.129 euros anuais por cada un dos ascendentes ou descendentes con discapacidade.
      2. 9.387 euros anuais por cada un dos ascendentes ou descendentes cando acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %.
      3. No suposto previsto no parágrafo segundo do número 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado aumentaranse en 3.129 euros anuais.

Vixencia

Con efectos desde o 01/01/2022. Introducido polo artigo 2 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Artigo 5. Deducións na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas

Un. Normas xerais

A práctica das deducións na cota íntegra autonómica do Imposto sobre a renda das persoas físicas quedará en todo caso condicionada á xustificación documental adecuada e suficiente do suposto de feito e aos requisitos que determinen a súa aplicabilidade.

Dous. Dedución por nacemento ou adopción de fillos

Contía e requisitos para a aplicación da dedución

- **Para fillo nacido ou adoptado no período impositivo**. Dedución na cota íntegra autonómica por cada fillo nacido ou adoptado no período impositivo, que conviva co contribuínte na data de devindicación do imposto, a seguinte contía:

  a) **300 euros,** sempre que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas fose maior ou igual de 22.000,01 euros. En caso de parto múltiple esta dedución ascenderá a 360 euros por cada fillo.

  b) **360 euros,** sempre que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar a efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas fose menor ou igual a 22.000 euros. Esta contía será de **1.200 euros** se se trata do **segundo fillo e de 2.400** se se trata do **terceiro fillo ou seguintes.**

  Incremento da dedución. A contía incrementarase nun 20 % para os contribuíntes residentes en municipios **de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación**.

- **Aplicación da dedución nos períodos impositivos seguintes ao de nacemento ou adopción**. A dedución estenderase aos dous períodos impositivos seguintes ao nacemento ou adopción, sempre que o fillo nacido ou adoptado conviva co contribuínte na data de pagamento do imposto que lle corresponda a cada un deles, segundo as seguintes contías e límites de renda:

  a) **300 €,** sempre que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF estea comprendida entre 22.001 € e 31.000 €.

  b) **360 €,** sempre que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF fose menor ou igual a 22.000 €. Esta contía será de **1.200 euros** se se trata **do segundo fillo e de 2.400** se se trata **do terceiro fillo** ou seguintes.

Cando, no período impositivo do nacemento ou adopción, ou nos dous seguintes, os fillos convivan con ambos os dous proxenitores a dedución practicarase por partes iguais na declaración de cada un deles.

As contías fixadas por esta dedución duplicaranse no caso de que o nacido ou adoptado teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Tres. Dedución por familias con fillos e fillas

Contía da dedución

1. O **contribuínte que, á data de devindicación do imposto, teña dous descendentes** que xeren ao seu favor o dereito á aplicación do correspondente mínimo por descendentes establecido pola normativa reguladora do imposto poderá deducir da cota íntegra autonómica **250 euros.**

   No caso de que o contribuínte ou algún dos descendentes que dean dereito a aplicar esta dedución teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, a dedución anterior duplicarase.

2. O **contribuínte que, á data de devindicación do imposto, posúa o título de familia numerosa** poderá deducir da cota íntegra autonómica:

   a) no caso de que se trate de **familias de ata dous fillos/as**, **250 euros**, agás que gocen do título de **categoría especial**, en cuxo caso será de **400 euros**.

   b) no **resto dos casos**, a dedución incrementarase en **250 euros adicionais por cada fillo/a.**

   No caso de que o contribuínte ou algún dos descendentes que dean dereito a aplicar esta dedución teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, as deducións anteriores duplicaranse.

Requisitos para a aplicación da dedución

- Cando máis dun contribuínte teña dereito á aplicación das deducións previstas neste número respecto dos mesmos descendentes, o seu importe será rateado entre eles por partes iguais.
- As deducións previstas neste número son incompatibles entre si.

Vixencia

Con efectos desde o 01/01/2023. Modificado polo artigo 3.Un da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Catro. Dedución por acollemento

Contía da dedución

Por cada **menor en réxime de acollemento familiar simple, permanente, provisional ou preadoptivo, administrativo ou xudicial**, formalizado polo órgano competente en materia de menores da Xunta de Galicia, o contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica **300€.**

Requisitos para a aplicación da dedución

- Non dará lugar á dedución por acollemento familiar preadoptivo cando se produza a adopción da/o menor durante o período impositivo, sen prexuízo da aplicación, no seu caso, da dedución por adopción.
- No acollemento de menores por matrimonio ou parellas de feito a que se refire a disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, o importe da dedución ratearase por partes iguais na declaración de cada un deles, se optaren por declaración individual.

Vixencia

Con efectos desde o 01/01/2024. Modificado polo artigo 3.Dous da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Cinco. Dedución por coidado de fillos menores

Contía e límites da dedución

- Os contribuíntes poderán deducirse na cota íntegra autonómica o **30 % das cantidades satisfeitas no período** por deixar aos fillos ao coidado dunha persoa empregada do fogar ou en escolas infantís 0-3.
- O **límite máximo** da dedución é **de 400 €, 600 € se teñen dous ou máis fillos**.

Requisitos para a aplicación da dedución

- Que na data de devindicación do imposto os fillos teñan 3 ou menos anos de idade.
- Que ambos os dous pais realicen unha actividade por conta propia ou allea, pola que estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade.
- Que no caso de que a dedución sexa de aplicación por gastos dunha persoa empregada do fogar, esta estea dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.
- Que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF non exceda 22.000€ en tributación individual ou 31.000€ en tributación conxunta.
- Cando máis dun contribuínte teña dereito á aplicación desta dedución respecto dos mesmos descendentes, o seu importe será rateado entre eles.

Seis. Dedución por suxeitos pasivos discapacitados, de idade igual ou superior a sesenta e cinco anos, que precisen axuda de terceiras persoas

Contía e límites da dedución

- **10 % das cantidades satisfeitas a terceiras persoas**,
- O **límite máximo** da dedución é de **600 €**.

Requisitos para a aplicación da dedución

- O contribuínte teña unha idade igual ou superior a 65 anos e estea afectado por un grao de minusvalía igual ou superior ao 65 % e precisen axudas de terceiras persoas.
- Téñase en conta que o artigo 3.Tres do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado regula a acreditación do grao e a condición de persoa con discapacidade.
- A base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF non exceda de 22.000€ en tributación individual ou de 31.000€ en tributación conxunta.
- Se acredite a necesidade de axuda de terceiras persoas.
- O contribuínte non sexa usuario de residencias públicas ou concertadas da Comunidade de Galicia.

Sete. Dedución por alugueiro de vivenda habitual

Contía e límites da dedución

- **10 % das cantidades** que satisfixese durante o período impositivo, cun límite de **300 €** por contrato de arrendamento.
- **Se se teñen dous ou máis fillos menores de idade,** o importe da dedución será do **20 % das cantidades** que satisfixese durante o período impositivo**, cun límite de 600 euros** por contrato de arrendamento.

As **contías fixadas por esta dedución duplicaranse** no caso de que o arrendatario teña recoñecido un **grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.**

Requisitos para a aplicación da dedución

- Que a idade do contribuínte, na data da devindicación do imposto, sexa igual ou inferior a 35 anos.
- No caso de tributación conxunta este requisito deberá de cumprilo, polo menos, un dos cónxuxes ou, no seu caso, o pai ou a nai.
- Que a data do contrato de arrendamento sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2003.
- Que estea en posesión do xustificante de constituír o depósito da fianza a que se refire o artigo 36.1 da Lei 29/1994, de arrendamentos urbanos, no Instituto Galego da Vivenda e Solo ou ben posúa copia cotexada da denuncia presentada ante o devandito organismo por non entregarlle o devandito xustificante a persoa arrendadora.
- Que a base impoñible do período, antes da aplicación das reducións por mínimo persoal ou familiar, non sexa superior a 22.000 €
- Cando dous contribuíntes teñan dereito á aplicación desta dedución, o importe total da mesma, sen exceder o límite establecido por contrato de arrendamento, ratearase por partes iguais na declaración de cada un deles.

Oito. Dedución por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos

Contía e límites da dedución

- **30 % das cantidades satisfeitas no concepto de cota de alta e cotas mensuais** cando accedan a internet mediante a contratación de liñas de alta velocidade,
- O **límite máximo** da dedución é **de 100 €**.

  Este límite máximo aplícase respecto a todas as cantidades satisfeitas durante o exercicio, ben correspondan a un só contrato de conexión, ben a varios que se manteñan simultaneamente.

Requisitos para a aplicación da dedución

- Só poderá aplicarse no exercicio en que se subscribe o contrato de conexión a liñas de alta velocidade.
- A liña de alta velocidade contratada estará destinada ao uso exclusivo no fogar e non estará vinculada ao exercicio de calquera actividade empresarial ou profesional.
- Non resultará aplicable se o contrato de conexión supón simplemente un cambio de compañía prestadora do servizo e o contrato coa compañía anterior realizouse noutro exercicio.
- Non resultará aplicable cando se contrate a conexión a unha liña de alta velocidade e o contribuínte manteña, ao mesmo tempo, outras liñas contratadas en exercicios anteriores.

Nove. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación

Contía e límites da dedución

- **30 % das cantidades investidas** durante o exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas,
- **O límite máximo** da dedución é **de 6.000 €**.

Requisitos para a aplicación da dedución

- A **participación do contribuínte**, computada xunto coas do cónxuxe ou das persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, **non pode ser superior ao 40 % nin inferior ao 1 % do capital social da sociedade** obxecto do investimento ou dos seus dereitos de voto en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

  O límite máximo de participación no capital social non se aplicará no caso de sociedades laborais ou cooperativas compostas unicamente por dúas persoas socias, mentres se manteña esta circunstancia.

- A **entidade** na que se realiza o investimento debe cumprir os seguintes requisitos:

  1. Ter o **domicilio social e fiscal en Galicia** e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.
  2. Debe **desempeñar unha actividade económica durante os tres anos seguintes** á constitución ou ampliación. Non ha de ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co disposto no artigo 4.8.º.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.
  3. **Durante os tres anos seguintes** á constitución ou ampliación debe contar, como mínimo, cunha **persoa ocupada**:
     - con contrato laboral e a xornada completa e
     - dada de alta no réxime xeral da Seguridade Social e
     - con residencia habitual en Galicia
  4. Se o investimento realizásese mediante unha ampliación de capital:
     - a **sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores** á data desta ampliación, e
     - durante os 24 meses seguintes á data do inicio do período impositivo do imposto sobre sociedades no que se realizase a ampliación, o seu cadro de persoal medio con residencia habitual en Galicia **incrementouse, polo menos, nunha persoa con respecto ao cadro de persoal medio** con residencia habitual en Galicia nos 12 meses anteriores, e
     - o **incremento** mantéñase durante un período adicional doutros **24 meses**.

     Para o cálculo do cadro do persoal medio total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos en que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.
  5. As operacións nas que sexa de aplicación a dedución deben **formalizarse en escritura pública**, na cal ha de especificarse a identidade dos investidores e o importe do investimento respectivo.

6. As participacións adquiridas deben **manterse no patrimonio** do contribuínte durante un **período mínimo de tres anos**, seguintes á constitución ou ampliación.

Incremento da dedución

Esta dedución poderá incrementarse nun **15 % adicional**, con límite **de 9.000 euros**, cando, ademais de cumprir os requisitos anteriores, déase unha das seguintes circunstancias:

a) Cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser pequenas e medianas empresas innovadoras, de acordo co disposto na Orde ECC/1087/2015, do 5 de xuño, pola que se regula a obtención do selo de pequena e mediana empresa innovadora e se crea e regula o funcionamento do Rexistro da Pequena e Mediana Empresa Innovadora.

b) Cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser sociedades promotoras dun proxecto empresarial que accedese á obtención de cualificación como iniciativa de emprego de base tecnolóxica, de conformidade co disposto no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), mediante a inscrición da iniciativa no Rexistro administrativo de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica.

c) Cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas participadas por universidades ou organismos de investigación.

Dez. Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento

Contía e límites da dedución

Os contribuíntes poderán deducirse na cota íntegra autonómica, cun **límite conxunto de 20.000 €** as seguintes cantidades:

1. O **30 % das cantidades investidas** durante o exercicio na adquisición de capital social como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas.

2. Con respecto ás mesmas entidades, poderase deducir o **30 % das cantidades prestadas** durante o exercicio, así como das cantidades garantidas persoalmente polo/a contribuínte, sempre que o préstamo outórguese ou a garantía constitúase no exercicio no que se proceda á constitución da sociedade ou á ampliación do seu capital.

Requisitos para a aplicación da dedución

- A **participación do contribuínte**, computada xunto coas do cónxuxe ou das persoas unidas por razón de parentesco, en liña directa ou colateral, por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao incluído, **non pode ser superior ao 40 % nin inferior ao 1 % do capital social da sociedade** obxecto do investimento, ou dos seus dereitos de voto, en ningún momento e durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

  En caso **de préstamo ou garantía**, non será necesaria unha participación do contribuínte no capital, pero, se esta existe, non pode ser superior ao 40 %, cos mesmos límites temporais anteriores. O **importe prestado ou garantido** polo contribuínte **ten que ser superior ao 1 % do patrimonio neto da sociedade.**

  O límite máximo de participación no capital social non se aplicará no caso de sociedades laborais ou cooperativas compostas unicamente por dúas persoas socias, mentres se manteña esta circunstancia.

- A entidade na que hai que materializar o investimento, préstamo ou garantía ha de cumprir os seguintes requisitos:

  1. Debe ter o **domicilio social e fiscal en Galicia** e mantelo durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación.

  2. Debe desempeñar unha **actividade económica durante os tres anos seguintes á constitución ou ampliación**. A ese efecto, non debe ter por actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, do artigo 4º.8.Dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

  3. Debe **contar, como mínimo, cunha persoa ocupada con contrato laboral e a xornada completa**, dada de alta no réxime xeral da Seguridade Social e con **residencia habitual en Galicia**. O contrato terá unha **duración mínima dun ano** e deberá formalizarse dentro dos dous anos seguintes á constitución ou ampliación, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

  4. No caso de que o investimento fose realizada mediante unha ampliación de capital ou o préstamo ou garantía se realizase no exercicio dunha ampliación, **a sociedade mercantil debeu ser constituída nos tres anos anteriores** á data desta ampliación, e ademais, **durante os vinte e catro meses seguintes á data do inicio** do período impositivo do imposto sobre sociedades en que se realizou a **ampliación, o seu cadro de persoal medio** con residencia habitual en Galicia **incrementarase, polo menos, nunha persoa respecto do cadro de persoal medio** con

residencia habitual en Galicia nos **doce meses anteriores, e o devandito incremento manterase durante un período adicional doutros doce meses**, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.

Para o cálculo do cadro do persoal medio total da empresa e do seu incremento tomaranse as persoas empregadas, nos termos que dispoña a lexislación laboral, tendo en conta a xornada contratada en relación coa xornada completa.

- O contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero en ningún **caso pode levar a cabo funcións executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos, nin pode manter unha relación laboral** coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo, agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.
- As operacións en que sexa de aplicación a dedución **deben formalizarse en escritura pública**, na cal debe especificarse a identidade dos/as contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.
- As participacións adquiridas **deben manterse no patrimonio do contribuínte durante un período mínimo de tres anos** seguintes á constitución ou ampliación.

  No caso de préstamos, estes deben referirse ás operacións de financiamento cun prazo superior a cinco anos, **e non poderá amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal prestado**. No caso de garantías, estas estenderanse a todo o tempo de vixencia da operación garantida, non podendo ser inferior a cinco anos.

Incremento da dedución

Esta dedución poderá incrementarse nun **15 % adicional, con límite de 35.000 euros**, cando, ademais de cumprir os requisitos anteriores, déase unha das seguintes circunstancias:

a) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución ou de ampliación de capital, cando se trate de sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser pequenas e medianas empresas innovadoras, de acordo co disposto na Orde ECC/1087/2015, do 5 de xuño, pola que se regula a obtención do selo de pequena e mediana empresa innovadora e créase e regula o funcionamento do Rexistro da Pequena e Mediana Empresa Innovadora.

b) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas que acrediten ser sociedades promotoras dun proxecto empresarial que accedese á obtención de cualificación como iniciativa de emprego de base tecnolóxica, de conformidade co disposto no Decreto 56/2007, do 15 de marzo, polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), mediante a inscrición da iniciativa no Rexistro administrativo de Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica.

c) A adquisición de accións ou participacións sociais como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de ampliación de capital, cando se realice en sociedades anónimas, limitadas, sociedades laborais e cooperativas participadas por universidades ou organismos de investigación.

Incompatibilidade

A dedución contida no presente apartado resultará incompatible, para as mesmas investimentos, coas deducións por

- Investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación (artigo 5.nove do Decreto Lexislativo 1/2011)

- Investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do Mercado Alternativo bolsista (artigo 5.once do Decreto Lexislativo 1/2011)
- Investimento en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra (artigo 5.quince do Decreto Lexislativo 1/2011)

Once. Dedución por investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do Mercado Alternativo bolsista

Contía e límites da dedución

- **Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica o 15 % das cantidades investidas** durante o exercicio na adquisición de accións como consecuencia de acordos de ampliación de capital subscritos por medio do segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista, aprobado por acordo do Consello de Ministros do 30 de decembro de 2005,
- **O límite máximo** da dedución é **de 4.000 €**.

A dedución total calculada ratearase por partes iguais no exercicio no que se realice o investimento e nos tres exercicios seguintes.

Requisitos para a aplicación da dedución

a) A participación conseguida polo contribuínte na sociedade obxecto de investimento **non pode ser superior ao 10 % do seu capital social.**

b) As **accións adquiridas deben manterse** no patrimonio do contribuínte durante un período de tres **anos, como mínimo**.

c) A sociedade obxecto do investimento debe ter o **domicilio social e fiscal en Galicia** e non debe ter como actividade principal a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario, de acordo co artigo 4º.8.Dous.a) da Lei, do Estado, 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.

d) As operacións nas que sexa de aplicación a dedución deben formalizarse en escritura pública, na cal ha de especificarse a identidade dos investidores e o importe do investimento respectivo.

Os requisitos das letras a) e c) anteriores deberán cumprirse durante todo o prazo de mantemento indicado na letra b), contado desde a data de adquisición da participación.

O incumprimento dos requisitos anteriores comporta a perda do beneficio fiscal.

Incompatibilidade

A dedución contida no presente apartado resultará incompatible, para as mesmas investimentos, coas deducións por

- Investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación (artigo 5.nove do Decreto Lexislativo 1/2011)
- Investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento (artigo 5.dez do Decreto Lexislativo 1/2011)
- Investimento en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra (artigo 5.quince do Decreto Lexislativo 1/2011)

Doce. Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica

Contía, límites e requisitos da dedución

- **Os contribuíntes poderá deducir da cota íntegra autonómica do imposto o 25% ata o límite do 10 % da devandita cota** dos donativos monetarios realizados a favor dos seguintes centros ou entidades:
  - **Centros de investigación** adscritos a universidades galegas e dos promovidos ou participados pola Comunidade Autónoma de Galicia que teñan por obxecto o fomento da investigación científica e o desenvolvemento e a innovación tecnolóxicos
  - **Entidades sen ánimo de lucro** acollidas á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, a condición de que estas últimas teñan a consideración de organismo **de investigación e difusión de coñecementos** conforme o previsto no artigo 2.83 do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado.
- A dedución queda condicionada á xustificación documental axeitada e suficiente dos presupostos de feito e dos requisitos que determinan a súa aplicabilidade.

  En particular, as entidades beneficiarias destes donativos deben enviar á Axencia tributaria de Galicia, dentro do primeiros vinte días de cada ano, unha relación das persoas físicas que efectuaron donativos durante o ano anterior, coa indicación das cantidades doadas por cada unha destas persoas.

Trece. Dedución por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo

Contía e límites da dedución

- **Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica o 5 % das cantidades satisfeitas no exercicio pola instalación** na vivenda habitual de sistemas de climatización e/ou auga quente sanitaria nas edificacións que empreguen fontes de enerxía renovables,
- **O límite máximo** da dedución é **de 280 €.**

Requisitos para a aplicación da dedución

- Enténdese por **enerxías renovables** aquelas ás que se refire o artigo 2 da Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE.
- A **instalación debe estar debidamente rexistrada** polo instalador, que debe estar habilitado para o efecto, na Oficina Virtual de Industria (OVI), segundo o establecido no Regulamento de instalacións térmicas en edificios aprobado por Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo. Remitiráselle ao titular ou empresa que rexistrou a instalación un **código de verificación** desta.
- Posteriormente, e sempre **antes de que expire o prazo para presentar a autoliquidación** correspondente ao período impositivo no que se sufragou a instalación, **será necesario achegar a través da OVI a seguinte documentación:**
  - O orzamento analizado da instalación
  - A factura ou facturas emitida/s polo instalador habilitado.
  - O/os xustificante/s de pagamento pola totalidade do custo da instalación.
  - No caso de efectuarse o investimento por unha comunidade de propietarios, deberá achegarse un certificado, emitido polo seu representante legal, das achegas económicas correspondentes a cada comuneiro.

  No caso de que a instalación realícese nunha vivenda unifamiliar, esta documentación será achegada polo suxeito pasivo. Se se tratase de edificios en réxime de propiedade horizontal, será achegada polo representante legal da comunidade de propietarios ou por persoa autorizada para o efecto.
- A **base desta dedución** estará constituída polas **cantidades efectivamente satisfeitas** na totalidade da instalación, isto é, sistema de xeración, sistema de emisión térmica e sistema de captación, **mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito**, aos instaladores habilitados que realicen a instalación.

  En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.
- En caso de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal que sexan de nova construción ou nos que se proceda á substitución dos equipos de xeración térmica por outros que empreguen enerxías renovables, esta dedución poderá aplicala cada un dos propietarios individualmente na porcentaxe que lle corresponda na comunidade de propietarios.
- Para poder practicarse esta dedución debe constar na declaración tributaria do suxeito pasivo a referencia ao código da instalación proporcionado pola OVI no certificado de rexistro da instalación.

Catorce. Dedución por rehabilitación de bens inmobles situados en centros históricos

Contía e límites da dedución

- **Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica o 15 % das cantidades investidas no exercicio na rehabilitación de inmobles situados nos centros históricos** que se determinaron no anexo da Orde do 1 de marzo de 2018, pola que se determinan os centros históricos a efectos das deducións previstas nos números 14 do artigo 5 e 6 e 7 do artigo 13 ter, do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.
- **O límite máximo** da dedución é **de 9.000 €**.

Requisitos para a aplicación da dedución

Considerararanse rehabilitación as obras que cumpran os seguintes requisitos:

- Que dispoñan dos **permisos e autorizacións administrativas** correspondentes.
- Que teñan por obxecto principal a **reconstrución do inmoble mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas**, sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda do **25 % do prezo de adquisición**, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que teña o inmoble no momento do devandito inicio.

  Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmoble a parte proporcional correspondente ao solo.

  Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito ou o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.
- A **pertenza do ben inmoble** a un centro histórico acreditarase, conforme ao artigo único.2 da Orde do 1 de marzo de 2018, mediante certificado emitido polo concello correspondentes de que o ben inmoble atópase situado dentro da delimitación fixada na devandita Orde.

Quince. Dedución por investimento en empresas que desenvolvan actividades agrarias

Contía e límites da dedución

- Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica **o 20 % das cantidades ou**, no caso de achegas que non sexan en diñeiro, **do valor dos bens** que destinen no exercicio aos **seguintes investimentos:**

  a) **Adquisición de capital social** como consecuencia de acordos de constitución de sociedades ou de **ampliación de capital**, así como calquera **achega a reservas** en**:**

     1. Sociedades de fomento forestal reguladas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia e outro tipo de sociedades de xestión conxunta.

     2. Entidades agrarias, cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra que teñan por obxecto exclusivo actividades agrarias.

     3. Entidades que teñan por obxecto a mobilización ou recuperación das terras agrarias de Galicia ao abeiro dos instrumentos previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia

  b) **Préstamos realizados a favor das mesmas entidades** citadas na letra a) anterior, así como garantías que o contribuínte constitúa persoalmente a favor destas entidades.

  c) **Achegas que os socios capitalistas realicen a contas en participación** constituídas para o desenvolvemento de actividades agrarias e nas que o partícipe xestor sexa algunha das entidades citadas na letra a) anterior.

- O **límite máximo conxunto** da dedución é de **20.000 €.**

Requisitos para a aplicación da dedución

a) As **operacións** ás que sexa de aplicación a dedución deben **formalizarse en escritura pública**, na cal debe especificarse a identidade dos contribuíntes que pretendan aplicar esta dedución e o importe da operación respectiva.

b) Os investimentos realizados deben **manterse no patrimonio do contribuínte** durante un período **mínimo de cinco anos**, computado a partir do día seguinte á data en que se formalice a operación en escritura pública. No caso de **operacións de financiamento**, o **prazo de vencemento deberá ser superior ou igual a cinco anos, sen** que se poida **amortizar unha cantidade superior ao 20 % anual do importe do principal**. Durante ese mesmo prazo de cinco anos deben manterse as garantías constituídas.

c) O contribuínte pode formar parte do consello de administración da sociedade en que materializou o investimento, pero **en ningún caso** pode levar a cabo **funcións executivas nin de dirección durante un prazo de dez anos**, nin pode manter unha **relación laboral** coa entidade obxecto do investimento durante ese mesmo prazo, **agás no caso de sociedades laborais ou sociedades cooperativas.**

Incompatibilidade

Esta dedución é incompatible coas deducións por:

- Investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación (artigo 5.nove do Decreto Lexislativo 1/2011).

- Investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento (artigo 5.dez do Decreto Lexislativo 1/2011).

- Investimento en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do mercado alternativo bolsista (artigo 5.once do Decreto Lexislativo 1/2011).

Vixencia

Con efectos desde o 01/01/2021. Modificado pola disposición derradeira primeira.dous da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Dezaseis. Dedución da cota íntegra autonómica por determinadas subvencións e/ou axudas obtidas como consecuencia dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017

(Suprimido)

Número dezaseis suprimido polo artigo 2.Dous da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (entrada en vigor o 01.01.2025)

Dezasete. Deducións da cota íntegra autonómica para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico que tivo lugar en Tui durante o mes de maio de 2018

(Suprimido)

Número dezasete suprimido polo artigo 2.Dous da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (entrada en vigor o 01.01.2025)

Dezaoito. Dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares

Contía e límites da dedución

Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica no exercicio en que se finalice a obra de mellora de eficiencia enerxética dos inmobles de uso residencial vivenda:

- **O 15 % das cantidades totais investidas. A base da dedución terá como límite 9.000€ por suxeito pasivo.**

  A base desta dedución estará constituída polas cantidades efectivamente satisfeitas nas obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares, mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito.

  En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.

- O **custo dos honorarios** para a obtención do certificado que xustifique o salto de letra na cualificación enerxética do inmoble, así como as **taxas relacionadas coa súa inscrición** no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, cun límite de 150 € que será rateado en función da porcentaxe de titularidade da vivenda.

Requisitos para a aplicación da dedución

- Consideraranse **obras de mellora de eficiencia enerxética** as que cumpran os seguintes requisitos:

  a) Que dispoñan dos permisos, autorizacións ou títulos habilitantes correspondentes.

  b) Que melloren o comportamento enerxético das edificacións reducindo a demanda enerxética, mellorando o rendemento das instalacións térmicas e/ou incorporando equipos que utilicen fontes de enerxía renovable e que teñan por obxecto principal subir unha letra na escala de cualificación enerxética de emisións de CO2 e na escala de consumo de enerxía primaria non renovable.

- Para ter dereito á dedución **deberá presentarse**, antes de que expire o prazo para presentar a autoliquidación correspondente ao período impositivo en que se finalice a obra de mellora enerxética obxecto de dedución, a través da **plataforma electrónica do Rexistro de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia**:

  a) **Certificado de eficiencia enerxética do edificio**, unha vez executadas as obras que dan lugar a esta dedución, que debe estar rexistrado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia mediante o procedemento establecido a tal fin.

  b) **Informe asinado por un técnico competente que xustifique o salto de letra** conseguido coas melloras, segundo o modelo que conste no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.

  c) A **totalidade das facturas** correspondentes ás obras de mellora de eficiencia enerxética obxecto de dedución, así como as relativas á obtención do certificado de eficiencia enerxética.

  d) Os **xustificantes de pago** destas facturas.

  No caso de que o investimento realícese nunha **vivenda unifamiliar**, esta documentación será achegada polo suxeito pasivo.

  No caso de edificios en réxime de **propiedade horizontal**, será achegada polo representante legal da comunidade de propietarios, que, ademais, deberá achegar un certificado das achegas económicas correspondentes a cada comuneiro.

- Para poder practicarse esta dedución deberá **constar na declaración tributaria do suxeito pasivo o número de inscrición do certificado de eficiencia enerxética** tras a reforma no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, proporcionado polo propio Rexistro na etiqueta de eficiencia enerxética do inmoble.

Incompatibilidade

Esta dedución é incompatible coa prevista por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinada exclusivamente ao autoconsumo (artigo 5.trece do Decreto Lexislativo 1/2011).

Dezanove. Dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galicia

Contía e requisitos da dedución.

- Cando o contribuínte integre na base impoñible xeral **o importe correspondente a unha subvención ou calquera outra axuda pública obtida da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou das restantes entidades do sector público autonómico para o desenvolvemento da actividade deportiva, poderá aplicar unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas**, sempre e cando a actividade deportiva non xere rendementos de actividades económicas.
- O importe da dedución será o resultado de aplicar os tipos medios de gravame ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable.
- É **requisito imprescindible** que o contribuínte teña recoñecida a **condición de deportista de alto nivel** segundo resolución do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma con competencias en materia de deporte.

Vixencia

Con efectos desde o 01/01/2020. Engadido polo artigo 1 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Vinte. Dedución por adquisición e rehabilitación de vivendas nos proxectos de aldeas modelo

Contía e requisitos da dedución

Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica o **15 % das cantidades satisfeitas no exercicio para a adquisición ou rehabilitación de vivendas**, sempre que:

a) As vivendas se sitúen en **terreos que se integren en proxectos de aldeas modelo**, de conformidade co previsto na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

b) As vivendas estean **destinadas a residencia dos contribuíntes** que as adquiran ou rehabiliten, xa sexa con carácter habitual ou esporádico.

A **base desta dedución** non poderá exceder de 9.000 euros anuais para o caso de construcións destinadas a constituír a vivenda habitual dos contribuíntes. Noutro caso, a base da dedución non poderá exceder de 4.500 euros anuais.

A base da dedución estará constituída polas cantidades satisfeitas para a adquisición ou rehabilitación da vivenda, incluídos os gastos orixinados que corresen a cargo do adquirente, e, no caso de financiamento alleo, a amortización, os xuros, o custo dos instrumentos de cobertura do risco de tipo de xuro variable dos préstamos hipotecarios regulados no artigo décimo noveno da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, e demais gastos dela derivados. En caso de aplicación dos citados instrumentos de cobertura, os xuros satisfeitos polo contribuínte minoraranse nas cantidades obtidas pola aplicación do citado instrumento.

Requisitos para a aplicación da dedución

Terán a consideración de **obras de rehabilitación** aquelas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan dos **permisos e autorizacións administrativas** correspondentes.

b) Que teñan por **obxecto principal a reconstrución da vivenda** mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas, sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda do 25 % do prezo de adquisición, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que teña o inmoble no momento do devandito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmoble a parte proporcional correspondente ao solo. Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito ou o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano.

Incompatibilidade

Esta dedución é incompatible coas deducións por:

- Inversión en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo (artigo 5.trece do Decreto Lexislativo 1/2011)
- Obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares (artigo 5.dezaito do Decreto Lexislativo 1/2011)

Vixencia

Con efectos desde o 01/01/2021. Engadido pola disposición derradeira primeira.tres da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Vinte e un. Dedución por inversión en entidades que realicen proxectos de especial interese público, social ou económico

Contía e requisitos da dedución

Os contribuíntes poderán deducir na cota íntegra autonómica **o 20 % das cantidades invertidas no exercicio na adquisición de accións ou participacións sociais**, sempre que:

a) Sexa a consecuencia de constitución de sociedades ou de ampliación de capital

b) As entidades nas que se invirte teñan por obxecto social exclusivo a realización de proxectos de especial interese público, social ou económico, aos que se refiren os artigos 17 e 20 da Lei 2/2024, de 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia

A **base de esta dedución** no poderá exceder de 10.000 euros para cada entidade, con independencia de que se realice nun ou en varios períodos impositivos.

Incompatibilidade

Esta dedución é incompatible con calquera outra prevista neste artigo e que resulte de aplicación para a mesma inversión en capital.

Vixencia

Con efectos dende o 12/11/2024. Engadido pola disposición derradeira terceira. Un da Lei 2/2024, de 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

Vinte e dous. Dedución por gastos derivados da adecuación dun inmoble baleiro con destino ao arrendamento como vivenda

Contía e límites da dedución

Os contribuíntes poderán deducir da cota autonómica o **15 % das cantidades satisfeitas, polas obras de reparación e conservación** así como **calquera outro gasto necesario** para que un inmoble radicado en Galicia se atope en **condicións de ser arrendado como vivenda**, incluída a obtención do certificado de eficiencia enerxética e a formalización do contrato de arrendamento, no período impositivo no que se finalicen as obras.

A **base máxima da dedución** ascenderá a 9.000 €/vivenda e estará constituída polas cantidades xustificadas con factura, que deberá cumprir todas as condicións establecidas no Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación aprobado polo Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro. A factura recibida polo contribuínte deberá conservarse durante o prazo de prescrición.

A **base máxima anual** da dedución será de 3.000 €/vivenda tanto en tributación individual como en tributación conxunta. As cantidades satisfeitas non deducidas por exceder a base este máximo poderán deducirse co mesmo límite nos dous exercicios seguintes.

No caso de que convivira no tempo a dedución para dúas ou para as tres vivendas, para os efectos do límite sinalado elevarase ata 6.000 € a base máxima total anual, e as cantidades satisfeitas non deducidas por exceder este importe poderanse deducir co mesmo límite nos catro exercicios seguintes.

Requisitos da dedución

Só resultará aplicable para os inmobles nos que se constitúa o arrendamento de vivenda previsto no artigo 2 da Lei 29/1994,do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, e quedará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) O ben inmoble **deberá levar baleiro durante polo menos un ano anterior ao inicio das obras**.

   Para estes efectos, entenderase que un inmoble atópase baleiro cando non estea habitado, arrendado, en uso, nin afecto a actividades económicas.

b) O ben inmoble deberá estar **arrendado nun prazo máximo de 6 meses** dende a data de finalización das obras.

c) O valor do ben inmoble **non poderá superar os 250.000 €.**

   Para estes efectos, tomarase como valor do ben inmoble o valor de referencia previsto na normativa reguladora do catastro inmobiliario, na data de devindicación do imposto no período impositivo no que finalicen as obras. No caso de non existir o valor de referencia ou cando este non poda ser certificado pola Dirección Xeral do Catastro, tomarase como valor o valor de mercado.

d) A **persoa arrendataria** da vivenda non poderá ser o cónxuxe nin un parente, por consanguinidade ou por afinidade, ata o terceiro grao inclusive, do contribuínte.

e) O contribuínte deberá **declarar o número de identificación fiscal da/s persoa/s prestadora/s dos servizos e o importe total satisfeito** a cada unha delas.

f) Que o contribuínte sexa **propietario dun máximo de tres vivendas**, con independencia de onde estean estas radicadas, que podan ser destinadas ao arrendamento, excluídos garaxes e rochos e sen ter en conta a súa vivenda habitual.

A **data de finalización das obras** acreditarase mediante a data da factura expedida polas obras.

Non se perderá o dereito á dedución no caso de que a duración do arrendamento sexa inferior a 3 anos, sempre que a vivenda pase a estar en situación de expectativa de aluguer e volva ser obxecto dun novo contrato de arrendamento de vivenda dentro do prazo máximo de seis meses desde a finalización do

anterior contrato, e que a suma dos períodos de duración de ambos os contratos de arrendamento sexa igual ou superior a 3 anos.

A aplicación da dedución **non** poderá dar como resultado **unha cota autonómica negativa**. Se como consecuencia disto, o contribuínte non puidera aplicar a dedución na súa totalidade, poderá deducirse a cantidade non deducida nos catro exercicios seguintes ata o seu esgotamento, sempre que a vivenda continuara arrendada durante ese período cos mesmos requisitos, a excepción do recollido na letra a).

Vixencia

Con efectos dende o 01/01/2025. Engadido polo artigo 2.Tres da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Vinte e tres. Dedución polo arrendamento de vivendas baleiras

Contía da dedución

Os contribuíntes propietarios ou usufrutuarios de vivendas baleiras poderán **deducir 500 euros por vivenda da cota íntegra autonómica** do primeiro período impositivo no que poñan en arrendamento a vivenda. A **contía sinalada aplicarase por cada un dos bens inmobles** radicados en Galicia que se destinen ao **arrendamento de vivenda** previsto no artigo 2 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

O importe da dedución ratearase en función da porcentaxe de participación na propiedade do inmoble.

Requisitos da dedución

A dedución só resultará aplicable para os inmobles nos que se constitúa o arrendamento de vivenda previsto no artigo 2 da Lei 29/1994,do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, e quedará suxeita ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) O ben inmoble **deberá levar baleiro durante polo menos un ano anterior á celebración do contrato** de arrendamento de vivenda.

   Para estes efectos, entenderase que un inmoble se atopa baleiro cando non estea habitado, arrendado, en uso, nin afecto a actividades económicas.

b) Que o **prezo mensual do alugueiro da vivenda** incluídos os seus anexos **non supere 700 euros**.

c) O arrendatario da vivenda non poderá ser o cónxuxe nin un parente, por consanguinidade ou por afinidade, ata o terceiro grao inclusive, do contribuínte.

d) Que **o contribuínte sexa propietario ou usufrutuario dun máximo de tres vivendas**, con independencia de onde estean estas radicadas, que podan ser destinadas ao arrendamento, excluídos garaxes e rochos e sen ter en conta a súa vivenda habitual.

Non se perderá o dereito á dedución no caso de que o contrato de arrendamento teña unha duración inferior a 3 anos, sempre que o devandito inmoble pase a estar en situación de expectativa de aluguer e volva ser obxecto dun novo contrato de arrendamento de vivenda dentro do prazo de seis meses desde a finalización do anterior contrato, e que a suma dos períodos de duración de ambos os contratos de arrendamento sexa igual ou superior a 3 anos.

A aplicación da dedución non poderá dar como resultado unha cota autonómica negativa.

Se o contribuínte non puidera aplicar a dedución na súa totalidade, poderá deducirse a cantidade non deducida nos catro exercicios seguintes ata o seu esgotamento, sempre que a vivenda continuara arrendada durante ese período cos mesmos requisitos, a excepción do recollido na letra a).

Vixencia

Con efectos dende o 01/01/2025. Engadido polo artigo 2.Tres da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.